

Nunca canses de ollar o que pasa no mundo

Description

Cando Xulio empezou, hai máis de trinta anos, a estudar o que ocorría polo planeta adiante e creou o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI, 1991) conectaba cunha necesidade urxente dun país que transitaba, en poucos anos, dunha situación demasiado pechada a outra moi aberta.

Desde a entrada na Unión Europea, no 86, Galiza estaba abrindo ao exterior, empurrada polas oportunidades que presentaba o novo marco arancelario para a actividade exportadora das súas empresas. Foi fundamental para ese proceso a caída, en termos de intercambio económico, da fronteira con Portugal, que era moi antiga pero tamén artificial. A UE eliminou as barreiras aduaneiras e aportou recursos para construír unha autovía que conectou a nosa parte do eixo atlántico coa portuguesa. Alí aprenderon a ser internacionais moitas compañeiras galegas. Tivemos unha escola próxima para exportadores que contaba cunha cultura semellante e moitos alumnos foron saíndo dela preparados para afrontar a desafiante realidade máis complexa e afastada.

Xulio conectou tamén cunha vella tradición galeguista, bastante esquecida nas décadas de ditadura e transición democrática que nos pecharan en exceso nunha autoanálise introspectiva. Cumpríase volver repensar as ideas de xente como Castelao, Valentín Paz Andrade ou Plácido Castro que tiñan unha visión da Galiza moi vencellada ao que ocorría fora. O último dos citados foi plenamente reincorporado a esa tradición polo esforzo de Xulio, que creou a Fundación Plácido Castro e impulsou o desenvolvemento das súas ideas.

O país necesitaba máis pensamento internacional. Esa mirada era tamén a dos galegos que emigraran. Eles abriron portas para estarmos no mundo e posibilidades de relación exterior, apoiadas nas asociacións que fundaron en cidades de países europeos e americanos.

A incorporación a unha Europa aberta axudou moito a que Galiza se sentira outra vez un norte peninsular, con vocación industrial e exportadora. Agora camiña devagar cara unha situación na que deben viaxar máis as mercadorías para que non teñan que emigrar os que as producen. Aínda temos por diante un longo percorrido nesa ruta cara o progreso, pero avanzamos mellor desde que temos portas abertas en moitos países.

O momento era idóneo, tamén no plano mundial. Caía o muro de Berlín e despegaba o que empezamos chamar globalización. As inquedanzas de Xulio por coñecer e analizar desde aquí o que ocorría máis alí das fronteiras do Estado chegaron cando máis se necesitaba. O seu traballo intelectual e o seu esforzo axudáronnos ver con máis claridade as novas forzas que dinamizan o comportamento humano nun planeta moi poboado e interconectado.

Dentro das súas preocupacións ocupa un lugar principal a China, a segunda potencia mundial, que ten unha cultura e unhas posibilidades que para nós son bastante alleas, por non dicir exóticas. Alí viviu un tempo que aproveitou para converterse nun dos principais expertos españois naquel gran país en expansión, nunha referencia con tribuna nalgúns dos medios de máis prestixio.

Eu publicara o meu primeiro ensaio no 99, co título de O Mundo e Nós, que conectaba directamente coas inquedanzas de Xulio e do IGADI, de termos unha visión propia do que pasaba fora de España. Pouco despois, empecei traballar máis directamente con Xulio no seo da Comisión Exterior do Consello da Cultura Galega, creada nos anos que a institución estaba presidida por Ramón Villares. Alí colaboramos con outras persoas para impulsar liñas de acción exterior presididas polas tendencias que marcaban o paso da Humanidade e polas que tiñan conexión máis directa con nós, como a relación cos principais países receptores da emigración galega e cos que teñen un vencello cultural directo, agrupados no espazo da lusofonía.

Neses anos de principios de século, empecei tamén a colaborar co IGADI, formando parte do seu Consello Reitor. Alí, desde entón, son testemuña directa de como unha persoa, cunha idea de axudar a Galiza para estar mellor preparada para o futuro, é capaz de converter esa idea nunha institución que funciona. Estímase moito o importante papel dos

empresarios para impulsar o desenvolvemento econÃ³mico dun paÃs. FÃ¡lase menos daqueles que, desde a sociedade civil, axudan a completar e enriquecer o traballo do sector pÃºblico e potenciar as capacidades da sociedade onde viven, apoiando actividades imprescindÃbeis para mellorar a sÃ³a situaciÃ³n no ameto econÃ³mico, polÃtico ou cultural, que decote estÃ³n esquecidas ou non suficientemente incorporadas.

O Ãºltimo paso que ven de dar Xulio RÃ³os Ã© proba da sÃ³a capacidade de detectar o que compre facer en cada momento. Ã©, ao mesmo tempo, un paso atrÃs e un paso adiante, consiste en saber retirarse e deixar que outros mÃ¡is novos recollan a herdanza a vaian adaptÃndoa e mellorÃndoa. Poder afastarse discretamente sabendo que a sÃ³a obra continÃ³a Ã© un privilexio que sÃ³ acadan os empresarios eficaces, esas persoas fÃsicas que son quen de plasmar o que foi gran parte da sÃ³a vida e obra nunha persoa xurÃdica, nunha organizaciÃ³n que non estea condicionada pola transitoriedade da vida do fundador e permitir que continÃ³e sen lÃmite de idade.

Nunca Ã© fÃcil o devÃ±er dunha organizaciÃ³n privada que quere apoiar Ã sociedade a ser mÃ¡is culta, mÃ¡is xusta, mÃ¡is solidaria ou mÃ¡is produtiva. Necesita unha demanda de servizos, por parte dos sectores pÃºblico e privado, que, no caso do IGADI, se conecta coa crecente presenza de Galiza no exterior, e que debe materializarse nunha recorrente aportaciÃ³n de recursos, a cambio de recibir eses servizos.

A evoluciÃ³n do IGADI, a sÃ³a capacidade de crecer sendo Ãºtil Ã sociedade galega Ã que serve, supÃ³n a permanencia no tempo das inxerencias do seu fundador. TamÃ³n Ã© un sensor que nos axuda a medir o Ãxito do paÃs para integrarse no mundo do sÃ©culo XXI, cando moitas referencias estÃ³n cambiando como resultado dunha nova fase da Humanidade na que debemos preocuparnos por colaborar mÃ¡is para evitar enfrontamentos perigosos, garantir unhas condiciÃ³ns mÃnimas de existencia a todos e coidar o equilibrio ecolÃ³xico dun planeta exhausto polos excesos dunha especie que ten presenza en todos os espazos dispoÃ±Ãbeis. Os galegos somos unha moi pequena parte desa Humanidade, pero, grazas a Xulio entre outros, estamos agora mÃ¡is preparados para facermos aportaciÃ³ns positivas co noso selo particular.

Sobre o autor: Enrique SÃ¡ez Ã© economista e ensaÃsta. Foi Director Xeral do Banco Pastor. Escribiu entre outros *â€œO Mundo e NÃ³sâ€* (1999) e *â€œLa Libertad en el Siglo XXIâ€* (2019). Actualmente Presidente de Torres y Saez e da FundaciÃ³n Juana de Vega. Ã© membro do Consello Reitor do IGADI.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

AcciÃ³n exterior de Galicia

ETIQUETAS

Paradiplomacia Galicia internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia

Date Created

Outubro 27, 2021

Meta Fields

Autoria : 4127

Datapublicacion : 20211027

Subtítulo : Artigo extraÃdo do Libro Homenaxe a Xulio RÃ³os Paredes "Unha vida de compromiso para unha Galicia universal"